



ORDENANZA 6. EQUIPAMENTOS E DOTACIÓNS

1.- Ámbito de aplicación

Comprende os espazos, edificacións e instalacións incluídos no termo de Mondariz Balneario, destinados a usos públicos ou colectivos ó servizo da poboación, grafados nos planos de ordenación urbana e na delimitación do Solo do Núcleo Rural.

2.- Condición de edificacións e uso. ORDENANZAS.

2.1.- ORDENANZA 6.1. EQUIPAMENTO RELIXIOSO.

Comprende a igrexa parroquial do termo municipal cos seus espazos exteriores, así como a capela de San Pedro e o seu espazo exterior.

Permítese obras de conservación ou mellora que manteñan o seu carácter.

2.2.- ORDENANZA 6.2. EQUIPAMENTO DEPORTIVO

Mondariz Balneario dispón dun equipamento deportivo vencellado ós colexios; o resto das instalacións relacionadas co deporte, como pistas de tenis e baloncesto son municipais.

-*Condicións de edificación:* ademais das condicións de uso, volume e ordenanza da zona, as instalacións cumprirán a normativa sectorial vixente e, no seu caso, o regulamento de espectáculos públicos e actividades recreativas, son admisibles todo tipo de obras: demolición, reforma, ampliación e nova planta.

O uso global é de Dotacional de Equipamentos.

O uso pormenorizado característico é o de Dotacional de Equipamento Deportivo, Rexéitanse os usos industriais terciario e residencial que non teñan unha relación de dependencia directa do uso principal característico. É dicir, só admitiranse as vivendas dos vixías das instalacións, os locais de hospedaxe e restauración, as oficinas, comercios e talleres propios da actividade principal deportiva.

- Observación: os terreos da antiga Lavandería do Gran Hotel serán dedicados a equipamento deportivo e aparcadoiro privados, podendo ocupar o aparcadoiro un mínimo del 60 % do total da superficie.

Tipoloxía edificatoria: será, para esta zona, a de EDIFICACIÓN EN VOLUME ILLADO, con flexibilidade para a súa adaptación ás características específicas de cada edificio.

Tamén preténdese conseguir unha edificación cun entorno de zonas peonís axardinadas que permitan unha gran permeabilidade de vistas e relacións entre edificios.

2.2.3-Parámetros da edificación:

- *Condicións da parcela:* non se parcelará a zona co obxecto de darlle a máxima flexibilidade ós distintos programas funcionais, que dependerán da capacidade de investidura de que se dispoña.
- Parcela mínima: a parcela mínima será de 2.000 m²
- Fronte mínimo: o fronte mínimo a unha vía rodada será de 30 m.



CONCELLO DA MOI HOSPITALARIA VILA DE MONDARIZ BALNEARIO

- Condicións da forma: a forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de diámetro 30 m.

Condicións da ocupación: A ocupación máxima da parcela será do 50%

- A ocupación baixo rasante en planta baixa e outras: a ocupación en planta soto poderá ser do 75% se a súa utilización destinase a garaxe aparcadoiro ou vaso de piscina descuberta e quede convenientemente tratada e axardinada a parte que quede fora da proxección do edificio.
- Posición: retranqueos e fondo máximo:

2.3.- ORDENANZA 6.3 CEMITERIO

Este equipamento regularase segundo o disposto no Decreto 133/82, do 4 de novembro, polo que se regulan as condicións sanitarias dos cemiterios de Galicia

2.4.- ORDENANZA 6.4. EQUIPAMENTO SANITARIO-ASISTENCIAL.

Corresponde ás actividades desenvolvidas nos edificios ou locais destinados ó tratamento preventivo e/ou curativo da poboación, en réxime interno ou externo xa sexa público ou privado.

Así mesmo, inclúense neste uso os centros dedicados a educación especial e á asistencia veterinaria.

Condicións de edificación:

Tódalas edificacións destinadas a este uso cumprirán normas e criterios contidos no Decreto 286/92, de outubro, de accesibilidade e eliminación de barreiras, así como a Orde 24 de setembro de 1986, que fixa as condicións necesarias para a autorización dos centros de asistencia hospitalaria.

Ademais de cumprir coa lexislación vixente de aplicación e coas ordenanzas da zona, disporán estas dotacións dunha praza de aparcadoiro por cada 50 m² de superficie construída.

2.5.- EQUIPAMENTO DOCENTE

Corresponde ás actividades desenvolvidas en edificios ou locais destinados á ensinanza en tódolos seus graos.

Condicións da edificación: ORDENANZA 8.

Ademais de cumprir coa lexislación vixente e coas ordenanzas da zona cumprirá coas normas e criterios contidos no Decreto 286/92 do 8 de outubro, sobre accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas.